

ANUNCIO

Contratación laboral temporal praza técnico para atención do “Océano Surf Museo” e constitución de bolsa de emprego.

Subvención Programa FO216/2018 da Deputación Provincial da Coruña

Téndose aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 257/2018 do día 26/07/2018 a convocatoria e as bases do proceso de selección para praza de persoal técnico de carácter laboral temporal mediante concurso de méritos e constitución de bolsa de emprego para atención do “Océano Surf Museo” ubicado na Casa de Cultura no Concello de Valdoviño, abrese o prazo de presentación de solicitudes conforme se indica nas Bases reguladoras do proceso que se achegan no Anexo:

ANEXO

“BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUNHA PRAZA DE PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DO “OCÉANO SURF MUSEO” DO CONCELLO DE VALDOVIÑO E CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.- A presente convocatoria ten por obxecto a contratación mediante concurso de méritos, de persoal laboral temporal para unha praza de persoal técnico para a atención do “OCÉANO SURF MUSEO” do Concello de Valdoviño, nos termos e condicións salientados na Resolución do 06.06.2018, da Presidencia da Deputación Provincial de A Coruña, publicada no BOP do 08.06.2018, (Programa FO216: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2018).

As retribucións brutas en cómputo mensual serán de 1260 €, por todos os conceptos retributivos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

A xornada de traballo será de 40 horas semanais.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.- Os requisitos que, en todo caso, teñen que reuniren os aspirantes con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, son os seguintes:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público

c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa para o acceso ao emprego público.

d) Estar en posesión do título de licenciado, grao universitario ou equivalente, Museoloxía, Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Belas Artes, Ciencias da Cultura e Difusión Cultural; ou ter cumpridas as condicións para obtelo na data de finalización do

prazo de presentación de solicitudes. Titulación que deberá acreditar mediante documento oficial expedido por organismo competente.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se atopar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

TERCEIRA.- SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. **Solicitudes.-** No prazo de dez días naturais, a contar do seguinte do anuncio no B.O.P., os interesados en participar no proceso selectivo, dirixirán instancia a Alcaldía-Presidencia, de acordo ao modelo do ANEXO I destas bases, tendo que achegarse coas mesmas a seguinte documentación:

- Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados de que consta o concurso.
- Documentación acreditativa dos méritos que se posúan. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias. No caso de certificados a emitir polo propio Concello de Valdoviño, ou de documentos obrantes no mesmo, bastara con unir xustificante da súa solicitude ou indicar a súa existencia na solicitude, para poder telos en conta.
- Declaración de no ter sido separado do servizo por motivos disciplinarios.

A solicitude se dirixirase ao Sr. Alcalde - Presidente, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño ou en calquera das formas establecidas no artigo no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño (Porta do Sol s/n), ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

2. Admisión.-

a) Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, por Decreto do Alcalde aprobarase a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Este Decreto publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. De non existir exclusións, esta lista terá carácter definitivo, non dando lugar ao seguinte trámite.

b) Os aspirantes non admitidos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión.

c) Unha vez que remate o prazo de reclamacións, por Decreto do alcalde aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

CUARTA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.- Será nomeada polo sr. Alcalde, conxuntamente coa resolución que eleve a definitiva a admisión de presentados, podendo ser obxecto das correspondentes recusacións ou abstencións que legalmente procedan.

Estará constituído por tres membros: Presidente e dous vogais, dos que un actuará de Secretario, consonte co disposto no art. 60 do R.D.Lex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

QUINTA.- BAREMO APLICABLE

O baremo aplicable para a valoración dos méritos será o seguinte

a) Por servizos prestados e ata un máximo de 10,00 puntos:

1º. Servizos prestados en Museos e Centros de Interpretación das Administracións Públicas: 0,20 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

2º. Servizos prestados en Museos e Centros de Interpretación, de Centros, Entidades ou Empresas: 0,10 puntos cada mes completo ou fracción superior a quince días

A antigüidade anterior xustificarse mediante certificación de servizos prestados realizada pola Administración onde prestasen os servizos, ou fotocopia dilixenciada do contrato de traballo ou certificación orixinal da empresa xustificativa da experiencia manifestada e informe orixinal de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social .

b) Por prácticas académicas externas, ata un máximo de 5 puntos:

1º. En Museos e Centros de Interpretación das Administracións Públicas: 0,20 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

2º. En Museos e Centros de Interpretación, de Centros, Entidades ou Empresas: 0,10 puntos cada mes completo ou fracción superior a quince días.

c) Formación Académica (de 0 a 26 puntos)

1º. Titulación académica de pos grao (ata un máximo de 16 puntos):

1º.1. Título de doutoramento ou equivalente con formación académica nalgunha das materias seguintes: Museoloxía, Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Belas Artes, Ciencias da Cultura e Difusión Cultural: 5 puntos por cada uno hasta un máximo de 10.

1º.2. Título de máster universitario ou equivalente, con formación académica nalgunha das materias seguintes: Museoloxía, Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Belas Artes, Ciencias da Cultura e Difusión Cultural: 3 puntos por cada uno hasta un máximo de 6

A formación acreditarase mediante o título expedido, no seu caso homologado, polo organismo competente.

2º. Cursos de especialización impartidos por Universidades ou Centros adscritos ás mesmas (ata un máximo de 5 puntos): Por cada acreditación de cursos realizados, e sempre que o seu contido verse sobre materias relacionadas co patrimonio cultural, a museoloxía ou a xestión cultural, realizados en centros oficiais homologados:

De 20 a 49 horas de duración: 0,20 puntos

De 50 a 99 horas de duración: 0,30 puntos

De 100 ou máis horas: 0,50 puntos

A xustificación deste apartado farase coa presentación dos títulos orixinais ou compulsados nos que deberán constar as datas de realización (e as horas nos estudos de postgrado e cursos de formación). Se o tribunal precisa unha aclaración ou matización dalgún extremo do título poderá solicitar aos aspirantes que aporten a correspondente aclaración da entidade que impartiu o curso

No suposto de que na acreditación dos cursos non figuren as datas de realización e o número de horas, non se puntuarán os estudos de postgraoo e/ou cursos.

3º. Coñecemento do idioma inglés ata un máximo de 3 puntos:

Nivel usuario básico

Nivel A 1: 0,5 puntos

Nivel A 2: 1 punto

Nivel usuario independente

Nivel B 1: 1,5 puntos

Nivel B 2: 2 puntos

Nivel usuario competente

Nivel C 1: 2,5 puntos

Nivel C 2: 3 puntos

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente; só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

4º. Polo coñecemento acreditado do idioma galego ata un máximo de 2 puntos, computándose unicamente o grao superior alegado, e concedéndose validez soamente ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- Celga 1: 0,50 puntos.
- Celga 2: 0,75 puntos.
- Celga 3: 1 punto.
- Celga 4: 1,50 puntos.
- Celga 5: 2,00 puntos

O tribunal de selección, realizada a baremación, publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, a relación de aspirantes por orde de puntuación obtida, e indicando o lugar.

SEXTA.- DURACIÓN DO CONTRATO.- A duración do contrato será desde a data da sinatura do contrato de traballo ata o 31 de decembro de 2018.

SETIMA.- BOLSA DE TRABALLO.- Constituirase tamén unha Bolsa de Emprego cos candidatos que cumpran todos os requisitos, que terá unha vixencia de 3 anos, e os candidatos que pasen a formar parte da mesma non ostentarán dereito algún ao nomeamento/contratación.

OITAVA.- NORMATIVA APLICABLE.- A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos deriven delas e da actuación da comisión de selección, poderán seren impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA.

D. con D.N.I. num.
.....con domicilio en.....
rúa.....nº.....piso.....
c.p. Tfno.:

Informado de á convocatoria que realiza o Concello de Valdoviño, para unha praza de persoal técnico para a atención do “Museo do Surf” do Concello de Valdoviño, de conformidade coas presentes bases , que declara coñecer e aceptar.

Tendo en conta que cumpre todos os seguintes requisitos esixidos na base cuarta, comprométese a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado:

a) *Ter a nacionalidade española.*

b) Ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público

c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa para o acceso ao emprego público.

d) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias), do título académico de formación profesional do Ciclo Superior de: Información e Comercialización Turísticas; de Animación Turística; de Axencia de Viaxes; de Guía, Información e Asistencias Turísticas; de Empresas e Actividades Turísticas; que deberá acreditar mediante documento oficial expedido por organismo competente. Tamén Diplomado en Turismo ou Licenciado ou Grao en Turismo.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se atopar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

SOLICITA:

Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- Fotocopia do D.N.I.
- Documentos acreditativos ou fotocopias cotexadas, dos méritos que se aleguen ao obxecto da súa valoración no concurso.

Así mesmo autoriza a que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente a través de SMS, ao numero de Telefono arriba indicado.

En..... , a, de..... , de 2018
Asdo.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE. CONCELLO DE VALDOVIÑO”

Valdoviño, 26 de xullo de 2018
O Alcalde/ Alberto González Fernández